

Mércores, 28 de setembro de 2022

Núm. 186

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

ROSAL, O

#### Recadación

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRÓN SAF-DEPENDENCIA DO MES DE AGOSTO*

*EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRON RELATIVO Á TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE DEPENDENCIA CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2022.*

A Alcaldía, mediante Resolución núm 2022-0819, de 21 de setembro de 2022, aprobou o padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) na modalidade de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2022.

O padrón fiscal permanecerá exposto ao público no departamento de tesourería municipal durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar exclusivamente os rexistros relativos á súa débeda e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

O período voluntario de cobranza será do día 29 de setembro ao día 29 de novembro de 2022, ámbolos dous incluídos, e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados será o día 12 de outubro de 2022.

O transcurso do período voluntario de ingreso sen que éste se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, con devengo e esixencia dos recargos, xuros e demais conceptos esixibles, de acordo co disposto nos artigos 160 e 161 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Esta Resolución notifícase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e produce os efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e de anuncio de cobranza, segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a éste, os contribuíntes, e en xeral os interesados, poderán interpor os seguintes recursos, de acordo co estipulado no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais:



Mércores, 28 de setembro de 2022

Núm. 186

**Recurso de Reposición**, perante á Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

**Recurso Contencioso-administrativo**, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición se non o fose.

Calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

O Rosal, 21 de setembro de 2022

A alcaldesa — Ánxela Fernández Callís

(Documento asinado electrónicamente)

